

LA MALA FAMILIA

Nacho A. Villar, Luis Rojo, 2022

1114

ESTREA EN NUMAX: 26.05.2023 | V.O. | +12 | 81 min

Con dezaoitto anos, Andrés, Nata e o resto da banda de La Mala Familia cometeron un erro de consecuencias insospeitadas. Como resultado, Andrés acabou pasando un ano en prisión preventiva e, xunto a el, todos os seus amigos remataron inmersos nun traumático e enrevesado proceso xudicial. Agora, no 2021, lonxe do asfalto e coa distancia que impón o tempo, volven a reunirse para comprobar e demostrar que seguen sendo unha familia.

«Unha potente obra de cinema naturalista»

Vladan Petkovic, CINEUROPA



Entrevista con Nacho A. Villar, Luis Rojo: «Apoiaremos sempre que todas as partes que representan a sociedade teñan acceso á cultura»

Por Jose A. Cano

Como xorde o proxecto? LR: Os dous formamos parte dun mesmo grupo de amigos, ao que un día chega unha cita xudicial, para Andrés e para varios deles. Ía ter lugar un xuízo que levaban varios anos agardando e que probablemente os ía levar a ingresar en prisión. Este xuízo é a partir dunha pelexa que tiveron cando tiñan 18 anos, na porta dunha discoteca, unha pelexa como tantas outras, sen nada especial, e que lles chega seis anos despois. Andrés ten 24 anos, xa non é esa persoa, e aquilo supón unha rotura total para todo o que el construíra desde entón. A partir de aí, nun exercicio colectivo, non nós como directores, senón como grupo, pensamos como podemos facerlle fronte a iso, desde onde se pode traballar.

NV: E poder paliar tamén a frustración e a rabia pola situación.

LR: É o detonante para o proceso do filme, no que a realidade e todos os fitos da historia foron sempre por diante. Non queriamos ser quen constrinxise algo desde o clixé da forma dun relato, senón ir rexistrando o que ocorría e ir entendendo o que estaba pasando desde o cinema.

O formato é de filme de ficción, pero podería dicirse que é un documental. LR: Todo o mundo que aparece fai de si mesmo, no filme todo o que sucede é real. Nós como directores o que presentamos é un dispositivo de gravación no que poder rexistrar esta realidade, entendela e explicarlle ao espectador que a descoñece. Pero non hai un guión no que existían liñas de diálogo, senón que pensamos escenarios nos que abordar distintos temas e emocións.

Dixestes que buscabades facer un cinema social que non sexa nin desde o paternalismo nin desde fóra, exotizando os barrios. NV: Estamos asistindo a momentos de cambio. Está pasando que o cinema, grazas á tecnoloxía, se está volvendo máis accesible para certas clases que quizais antes o tiñan un pouco máis lonxe ou non o sentían como unha ferramenta coa que puidesen contar. Pouco a pouco é unha ferramenta que vai ir a máis. Por iso esperamos e apoiaremos sempre que todas as partes que representan a sociedade teñan acceso á cultura. Non só a consumila, tamén a xerala.

Que diferenza dirías que existe entre a representación das clases populares en *La mala familia* e outros títulos? NV: Moitas veces o cinema afonda en clixés que lle fan un fraco favor ao que retratan e se quedan na parte máis, para quen o fan, exótica. Creo que hoxe en día todo iso xa se explicou, xa se fixo, e a nós interésanos menos. En *La mala familia* os protagonistas son rapaces de barrio, pero non sae ningún bloque de vivendas, nin a típica esquina con pintadas e tal. Fuximos un pouco diso para...

LR: Para poder entender o barrio de verdade. Romper o clixé e entender que é o barrio, como se vive, como se sente e quen son esas persoas que constrúen esa realidade e esa cultura.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Sinfonía Carcelaria,
Romain Dutter.
Dibbuks, 2019

Historia de Shuggie Bain,
Douglas Stuart.
Sexto Piso, 2021

Una vida violenta,
Pier Paolo Pasolini.
Nórdica, 2023